

CRITERIOS REITORES DA DIRECCIÓN EDITORIAL DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Artigo 1. Servizo público de comunicación audiovisual.

- 1.1. A Corporación RTVG deberá prestar o servizo público de comunicación audiovisual encomendado na Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e a súa programación inspirarase nos principios establecidos no artigo 4 da devandita lei.
- 1.2. O servizo público de comunicación audiovisual é un servizo esencial de interese económico xeral que ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto de canles de radio, de televisión e de servizos de información en liña con programacións diversas e equilibradas para todo tipo de público, que cubrirán os distintos xéneros, destinadas a satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade; preservar o pluralismo nos medios de comunicación; e, particularmente, promover a dinamización da lingua e cultura galegas, reforzar a identidade de Galicia e impulsar a súa industria audiovisual, facendo uso para isto de todos os medios e tecnoloxías dispoñibles, e garantindo a maior inmediatez.

Así mesmo, a Corporación RTVG contribuirá ao desenvolvemento da sociedade da información e fomentará o pluralismo, impulsará o seu progreso tecnolóxico, o debate democrático, o espírito crítico e a participación da cidadanía no desenvolvemento político, social, económico e cultural de Galicia.

- 1.3. A función de servizo público implica que os servizos informativos sexan conformados por profesionais da información. A realización e a edición dos servizos informativos estruturais non poden ser cedidas a terceiros, sen prexuízo de que se lles poida encomendar a estes a colaboración en aspectos accesorios de carácter material ou técnico.
- 1.4. A lingua vehicular dos medios públicos de Galicia é, e seguirá sendo, o galego. A Corporación RTVG ten a responsabilidade de exercer como dinamizador do uso da lingua propia de Galicia entre o pobo galego. Desta forma, a Corporación RTVG contribúe mediante o uso da lingua ao desenvolvemento da nosa cultura e da nosa sociedade.

Artigo 2. Alcance do servizo público de comunicación audiovisual.

- 2.1. A función de servizo público comprende a produción de contidos e a edición e difusión de canles xeneralistas e temáticas, así como a oferta de servizos conexos e interactivos.

- 2.2. A Corporación RTVG proporcionará á cidadanía contidos audiovisuais informativos e de entretemento plurais, de alta calidade, a través dunha oferta audiovisual xeneralista que terá como contidos básicos a información, a cultura, o deporte, a música, o entretemento e a programación dirixida á infancia.
- 2.3. O acceso a estas ofertas será libre e gratuíto e estará presente nos medios ou soportes tecnolóxicos derivados do desenvolvemento da sociedade da información. Unicamente se poderán emitir de forma codificada aqueles contidos así previstos no mandato marco.

Artigo 3. Réxime xurídico dos servizos de comunicación audiovisual de interese xeral.

Os servizos de comunicación audiovisual radiofónicos, televisivos e conexas e interactivos son de interese xeral e prestaranse no exercicio dos dereitos á libre expresión de ideas, a comunicar e recibir información, á participación na vida política e social e á liberdade de empresa e dentro do fomento da igualdade, a pluralidade e os valores democráticos.

Artigo 4. Comunicación comercial audiovisual.

- 4.1. A Corporación RTVG ten plena capacidade para explotar comercialmente a súa oferta de programación ou os seus contidos e arquivos documentais nos mercados local, autonómico, estatal e internacional, respectando os límites de tempos de emisión impostos pola normativa europea en materia de radiodifusión, os previstos para a difusión de comunicación comercial audiovisual televisiva e, no seu caso, as restricións adicionais que se puidesen fixar no contrato programa, observando, así mesmo, o disposto nas normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual emitida a través das canles e servizos conexas e interactivos da Corporación RTVG.
- 4.2. As comunicacións comerciais audiovisuais que se emitan a través de calquera das canles ou se inclúan nos servizos conexas e interactivos da Corporación RTVG serán doadamente identificables como tales, sexa cal sexa a súa forma ou o soporte empregado, e distinguíranse claramente tanto do contido editorial coma dos restantes contidos audiovisuais.

Artigo 5. Canles dixitais temáticas.

- 5.1. Na medida na que o espectro radioeléctrico e as tecnoloxías dispoñibles o posibiliten, irase tendendo á difusión por medio de canles dixitais temáticas específicas con atención preferente ao público infantil e xuvenil.

5.2. A difusión por medio de canles dixitais temáticas asegurará igualmente a participación e acceso ao espazo público de comunicación da pluralidade política, social e cultural representativa da sociedade galega.

Artigo 6. Principios inspiradores e alcance.

A actividade de comunicación audiovisual da Corporación RTVG inspirarase nos seguintes principios.

a) O respecto e a defensa dos principios que informan a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galicia e dos dereitos e das liberdades que neles se recollen e garanten.

A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político, en canto valores superiores do ordenamento xurídico recoñecidos na Constitución Española, xunto cos restantes principios, dereitos e liberdades consignados na Carta Magna e no Estatuto de Autonomía de Galicia, deben ser respectados, defendidos, promovidos e difundidos pola Corporación RTVG na prestación do servizo público de comunicación audiovisual.

No desenvolvemento desa misión, a Corporación RTVG exercerá o dereito constitucional a comunicar libremente información veraz a través de canles de radio, de televisión e de servizos de información en liña e de calquera tecnoloxía dispoñible, contribuíndo á formación dunha opinión pública informada consonte as esixencias dunha sociedade libre e democrática.

Os medios públicos de comunicación galegos deben contribuír a fomentar a participación democrática, o respecto cara a todas as persoas e colectivos cidadáns e a defensa dos valores cívicos da convivencia, cun rexeitamento activo de todo tipo de violencia.

b) A promoción e difusión da cultura e lingua galegas, así como a defensa da identidade de Galicia.

Dende a súa creación en 1984, os medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia contribuíron ao reforzamento da identidade do pobo galego, á normalización da lingua galega, á promoción da cultura galega e á consolidación da industria audiovisual de Galicia.

A Corporación RTVG debe continuar defendendo a nosa identidade como pobo e a desenvolver, como un dos seus principais cometidos, o labor de promoción, coñecemento e difusión da lingua galega, fundamentalmente entre a mocidade e a infancia.

En todos os servizos e programas, tamén velará polo bo uso do idioma e garantirá a calidade lingüística.

Así mesmo, en todas as canles e servizos conexas e interactivos débese seguir apoiando e fomentando, a través dunha programación específica, as manifestacións artísticas e culturais de Galicia, difundindo tanto as creacións actuais coma as integrantes do patrimonio histórico, cultural, lingüístico e social de Galicia.

c) O fomento da produción audiovisual propia e de emisións que coadruven á proxección de Galicia cara ao exterior e de informacións ás comunidades galegas do exterior.

Os medios públicos de comunicación galegos deben impulsar a produción audiovisual propia de modo que esta abranga a maioría da programación difundida a través das súas canles xeneralistas, consonte o máximo aproveitamento dos seus bens e recursos dispoñibles.

O papel destes medios públicos é primordial na proxección de Galicia cara ao exterior, tanto no eido institucional como político, económico, empresarial, social, cultural, educativo ou da investigación.

A Corporación RTVG prestará especial atención á información dirixida ás comunidades galegas no exterior, garantíndolles non só o acceso a estas canles, senón tamén elaborando informacións de especial interese para estes colectivos.

d) O reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia.

A actividade de comunicación audiovisual desta Corporación debe incluír unha programación en aberto que reflecta e respecte a diversidade social, cultural, ideolóxica e política da sociedade galega, e que garanta a libre formación da opinión pública.

Coa defensa do pluralismo como valor substancial, a Corporación RTVG preservará o interese xeral e os valores de convivencia, promovendo a procura dunha sociedade máis xusta e solidaria.

Dentro da misión de servizo público atribuído, prestará especial atención ás principais actividades, actos e debates que se produzan no ámbito institucional autonómico.

Sen prexuízo do pleno respecto ás minorías, as opinións e declaracións serán atendidas dende o criterio de relevancia informativa e interese público, tendo en conta a representatividade política, ideolóxica, social e cultural.

e) O respecto á dignidade humana, ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe.

No desenvolvemento da actividade que libremente presta a Corporación RTVG, serán eixos fundamentais o respecto á dignidade humana, ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, polo que a información que transmitan os medios públicos de comunicación galegos será veraz e referida a feitos de interese ou relevancia pública. Ademais, estes serán especialmente coidadosos cando as informacións estean referidas a menores e outros colectivos vulnerables.

O dereito das persoas á súa intimidade e á súa propia imaxe será especialmente respectado cando se produzan acontecementos que xeren situacións de aflicción e dor, evitando a intromisión gratuíta e as especulacións innecesarias sobre os seus sentimentos e circunstancias. Nestes casos a información será cuberta coa máxima consideración cara ás persoas afectadas.

Nas informacións e opinións relativas a procedementos xudiciais en curso observarase escrupulosamente o principio de presunción de inocencia, polo que a Corporación RTVG nunca contribuirá ao xurdimento de xuízos paralelos e avogará en todas as súas actuacións por un xornalismo responsable. Neste senso, evitarase a difusión de imaxes, afirmacións ou datos imprecisos que poidan lesionar ou menosprezar a dignidade das persoas, o seu honor e a súa propia imaxe, ou provocar dano ou descreto inxustificado a institucións públicas e privadas, así como a utilización de expresións ou cualificativos injuriosos, insidias infamantes ou outro tipo de vexacións. É imprescindible combinar o dereito a unha información veraz por parte da cidadanía co dereito dunha persoa a ser tratada de forma proporcional.

f) A promoción activa da igualdade entre homes e mulleres, que inclúe a igualdade de trato e de oportunidades, o respecto á diversidade e á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso da linguaxe non sexista.

Garantirase a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes na sociedade, promovendo activamente o principio de igualdade efectiva e o respecto á diversidade e á diferenza. Con esta finalidade, impulsarase o aumento, cualitativo e cuantitativo, da visibilidade e audibilidade das mulleres. Ademais, velarase pola utilización non sexista da linguaxe ou das imaxes.

A Corporación RTVG traballará activamente na promoción dunha linguaxe igualitaria e libre de estereotipos sexistas.

As informacións relacionadas coa violencia contra as mulleres recibirán un tratamento serio e rigoroso e serán especialmente coidadosas no respecto á dignidade das persoas agredidas e da súa contorna, evitándose o sensacionalismo informativo e fuxindo tanto das especulacións informativas coma da vulneración de dereitos fundamentais.

A Corporación RTVG será especialmente combativa contra a violencia machista, entendéndoo como unha violación dos dereitos humanos e un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas. En todas as accións vinculadas con esta cuestión non só se velará pola igualdade de xéneros, senón que se contribuirá a prever e erradicar calquera tipo de violencia machista.

Na comunicación audiovisual tampouco se poderá incitar ao odio ou á discriminación por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

g) A protección da mocidade e da infancia.

Os medios de comunicación están a complementar o papel socializador da familia e a escola debido á súa importante influencia no desenvolvemento intelectual e emocional da mocidade e da infancia e na transmisión de valores, modelos sociais e normas de conduta.

En ningún caso se utilizará a imaxe ou o nome dun menor de tal xeito que poida implicar un menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, mesmo no caso de que constase o consentimento do menor ou dos seus pais, nais ou titores.

A Corporación RTVG comprométese a emitir nas franxas de protección reforzada unha programación infantil e xuvenil ou ben, alternativamente, educativa, cultural, informativa deportiva e de entretemento, en todo caso clasificada para todos os públicos.

Na procura dunha participación activa na protección da mocidade e da infancia, a Corporación RTVG fomentará o control parental, de modo que facilitará aos responsables dos menores unha selección crítica dos programas que estes terán ao seu dispor.

A programación dirixida á xuventude e á infancia promoverá os valores de igualdade, solidariedade, diversidade, superación persoal e respecto aos demais, especialmente a través da formación, evitando imaxes de violencia, a explotación nas relacións interpersoais, as que reflectan un trato degradante ou sexista, ou discriminatorio cara ás persoas con diversidade funcional. De igual xeito, coidará a linguaxe, evitando expresións malsoantes.

- h) A obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e á información dunha opinión pública plural.

A garantía dos dereitos da cidadanía galega require uns medios de comunicación públicos que sexan libres, plurais, críticos e abertos á sociedade á que serven. A importancia da función social que presta o xornalismo a través dos medios de comunicación esixe salvagardar permanentemente estes principios de calquera intento de restrición ou coacción procedente de toda forma de poder, así como da súa posible degradación producida pola súa eventual inobservancia.

Na súa condición de actor principal en Galicia do exercicio dun dereito fundamental, do que é depositaria toda a cidadanía, a Corporación RTVG debe desenvolver a súa función atendendo a criterios de obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa.

A credibilidade será principio prioritario e permanente dos medios públicos de comunicación galegos, que trasladarán á cidadanía as informacións dun xeito obxectivo. Polo tanto, estes serán imparciais na exposición, descrición e narración, clarificando as causas e explicando os posibles efectos dos acontecementos.

A información que difunda a Corporación RTVG debe ser veraz, obtida de acordo co ordenamento constitucional e os principios deontolóxicos e razoablemente contrastada. Polo tanto, nos seus contidos a Corporación RTVG ten que ser extremadamente precisa coa realidade dos feitos, que serán suficientemente verificados e permanentemente actualizados. Os erros que se puideran detectar serán inmediatamente corrixidos. Este nivel de dilixencia adquirirá a súa máxima intensidade cando a noticia que se divulgue poida supor, polo seu contido, un descreto na consideración da persoa ou institución á que a información se refira. Así mesmo, en ningún caso se contribuirá a viralizar noticias falsas, posto que a credibilidade e a responsabilidade debe seguir sendo o sinal de identidade dos medios públicos de comunicación galegos.

A busca da inmediatez non debe supor un relaxo no mantemento do rigor e na procura dunha información veraz.

A Corporación RTVG e os seus profesionais actuarán con neutralidade ante os feitos noticiosos e con absoluta independencia e respecto á legalidade vixente, sen que poida recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación imperativa de ningunha institución pública, nin de grupos políticos, económicos, sociais ou outras institucións ou entidades. No desenvolvemento da súa actividade, non adoptará posicionamento ideolóxico máis alá da defensa dos valores constitucionais e estatutarios.

- i) A separación entre informacións e opinións, a identificación de quen sustenta estas últimas e a súa libre expresión dentro dos límites constitucionais e estatutarios.

A Corporación RTVG diferenciará claramente a información e a opinión. A información aterase ao relato obxectivo dos feitos. Os espazos de opinión guíaranse polo interese informativo, o equilibrio e o pluralismo, para que ningunha corrente de pensamento quede de xeito intencionado mal reproducida ou representada, respectando a liberdade de expresión dentro dos límites constitucionais e estatutarios.

As opinións, en canto xuízos de valor, serán emitidas por persoas alleas á Corporación RTVG, incluíndo sempre a identificación daqueles que as manifesten. Cando houberse partes diferentes implicadas nos feitos, recollerase a opinión de todas elas. En ningún caso a Corporación RTVG amparará nos seus programas opinións nas que se empregue unha linguaxe groseira ou denigrante, nin sequera cando esas opinións procedan de persoas alleas á Corporación RTVG.

Nas páxinas web dos medios públicos de comunicación galegos deberase establecer unha clara diferenciación entre os contidos da Corporación RTVG e os creados polos usuarios e colaboradores. Tampouco se poderán utilizar para que os usuarios e colaboradores promovan campañas comerciais ou propagandísticas.

O conxunto destes fundamentos éticos responde ao exercicio dun xornalismo independente, ao dereito fundamental á información da cidadanía e á misión de servizo público consistente en ofrecer cantos datos permitan á audiencia comprender a realidade e conformar un criterio propio.

- k) A garantía da máxima continuidade na prestación do servizo e a plena cobertura do conxunto do territorio.

Sen prexuízo da cobertura acadada a través dos medios interactivos, a Corporación RTVG deberá salvagardar a función de servizo público de comunicación audiovisual garantindo a continuidade da misión que presta e ofrecendo a máxima cobertura posible, dentro duns parámetros técnicos e económicos eficientes, no conxunto do territorio autonómico.

Os medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia teñen como obxectivo atender á máis ampla audiencia, facilitando o acceso aos distintos xéneros de programación e aos principais acontecementos institucionais, sociais, culturais e deportivos, co compromiso de ofrecer calidade, diversidade, innovación e esixencia ética, e asegurando a máxima continuidade e cobertura xeográfica e social.

A cobertura das emisións poderase estender ao territorio dunha comunidade autónoma limítrofe e con afinidades culturais e lingüísticas, logo do acordo que, no seu caso, se adopte.

En paralelo, a Corporación RTVG traballará a prol da universalidade no acceso ás prestacións do servizo público audiovisual, impulsando a aplicación e o desenvolvemento de instrumentos tecnolóxicos que posibiliten a posta a disposición e uso dos contidos ao conxunto da cidadanía.

l) A procura do desenvolvemento do sector audiovisual desde o punto de vista da mellora da súa contribución á economía da Comunidade Autónoma.

Os medios públicos de comunicación audiovisual galegos deben seguir contribuíndo decisivamente ao impulso da industria audiovisual e multimedia do país, un sector estratéxico e prioritario pola súa importancia cultural, social e económica, e como instrumento de promoción e divulgación da cultura de Galicia, da súa historia e da súa lingua.

Como motor deste sector, a Corporación RTVG promoverá a produción propia, interna e externa, e tamén asociada, consonte aos recursos dispoñibles.

A Corporación RTVG debe seguir fomentando a actividade empresarial e a creación de emprego no sector audiovisual, potenciándoo a través da promoción da historia, a arte, a literatura, a música, as producións culturais e, en xeral, a realidade social galega mediante a creación de contidos audiovisuais para os múltiples soportes existentes no mercado.

Tamén establecerá fórmulas de cooperación co tecido audiovisual, facilitará o acceso deste aos contidos multiplataforma e liderará iniciativas de promoción encamiñadas a achegar os produtos ao público, tratando así mesmo de posicionalos en mercados estatais e internacionais.

A Corporación RTVG, como elemento dinamizador do talento audiovisual galego, dará soporte á formación impartida nas diferentes facultades universitarias e no propio desenvolvemento das carreiras profesionais.

m) A garantía do dereito das persoas con discapacidade ao acceso de forma efectiva aos contidos emitidos.

A Corporación RTVG garantizará o dereito de accesibilidade á comunicación audiovisual das persoas con discapacidade visual, auditiva ou sensorial, favorecerá a súa plena integración e desenvolvemento, fomentará o uso de boas prácticas que eviten calquera tipo de discriminación ou repercusión negativa cara ás persoas con diversidade funcional e ofrecerá nas súas emisións unha imaxe respectuosa e inclusiva destas.

Co obxectivo de acadar a plena accesibilidade, impulsarase a aplicación e a incorporación progresiva dos avances tecnolóxicos dispoñibles que fagan posible o acceso das persoas con diversidade funcional ás producións audiovisuais das distintas programacións e aos contidos e servizos conexos e interactivos, a través de sistemas de subtitulado e lingua de signos para persoas xordas e de audiodescrición para persoas cegas.

- n) A garantía dos dereitos dos consumidores e usuarios en relación coa programación, coa publicidade e coas outras modalidades de promoción comercial.

No desenvolvemento da súa misión de servizo público, a Corporación RTVG promoverá a formación e educación dos consumidores e usuarios, difundirá nos seus espazos e programas non publicitarios a información axeitada para o eficaz exercicio dos seus dereitos e asegurarlles a prestación dunha información comprensible sobre o axeitado uso e consumo dos bens e servizos postos ao seu dispor no mercado.

Neses espazos e programas non publicitarios, en función do seu contido e finalidade, facilitarase o acceso e participación das asociacións de consumidores e usuarios representativas e dos demais grupos ou sectores interesados.

A Corporación RTVG regulará a comunicación comercial audiovisual de xeito que se conciba como un instrumento de protección dos intereses dos consumidores e usuarios a través dunhas normas de obrigado cumprimento.

As comunicacións comerciais audiovisuais contribuirán a unha correcta información dos consumidores e usuarios, favorecendo a súa liberdade de elección e competencia. Así mesmo, serán claramente identificables e deberán distinguirse do contido editorial.

- ñ) O fomento do coñecemento dos valores ecolóxicos e do respecto e protección do medio ambiente.

O respecto ao medio ambiente e a sostibilidade son compromisos asumidos pola Corporación RTVG dentro da súa responsabilidade social. Por isto, impulsará a difusión dos valores ecolóxicos, paisaxísticos e a protección do medio ambiente a través dunha información orientada á concienciación sobre a problemática ambiental e cun tratamento didáctico con obxectivos pedagóxicos que promovan a acción e a participación en defensa da súa conservación.

Os medios públicos de comunicación galegos actuarán como axentes de divulgación nesta materia, co obxectivo de lograr un maior compromiso social e a difusión de boas prácticas entre a cidadanía galega.

Nese senso, fomentará unha cultura ambiental e de conservación dos recursos naturais e informará das accións, cambios de comportamentos ou actitudes que a cidadanía pode implantar para a súa defensa e protección.

A Corporación RTVG apoiará o fomento dos valores ecolóxicos, do respecto ao medio ambiente e da sensibilización cos riscos do cambio climático, promovendo unha cultura de valores e responsabilidade.

- o) A conservación e custodia dos documentos que de acordo coa normativa de patrimonio cultural deban integrar o patrimonio documental de Galicia.

Dentro da misión de servizo público que a lexislación lle encomenda á Corporación RTVG, inclúese a conservación e custodia dos arquivos e documentos que deban integrar o patrimonio documental de Galicia, configurándose como un arquivo público ao servizo da sociedade galega.

O devandito patrimonio cultural estará aberto máis aló do uso dos profesionais destes medios públicos de comunicación galegos, contribuíndo á súa difusión e potenciando o seu emprego por parte da universidade, do tecido empresarial e da sociedade en xeral, respectando as condicións vixentes que se fixen por esta Corporación.

Para a conservación dos arquivos históricos audiovisuais, os medios públicos de comunicación galegos terán a obriga de coidar e preservar, en condicións óptimas para o seu uso e consulta, o arquivo histórico propio.

Neste labor de conservación do patrimonio audiovisual utilizaranse as vías de colaboración coas administracións públicas e as fórmulas de xestión e administración que resulten axeitadas en atención ao principio de eficiencia económica.

Artigo 7. Obxectivos programáticos xerais.

- 7.1. A Corporación RTVG producirá e difundirá contidos de calidade en todos os xéneros e destinados a todas as idades e, en especial, aqueles que teñan carácter informativo, educativo, cultural e divulgativo, así como de entretemento, dirixidos á consecución dos obxectivos xerais establecidos nos presentes criterios reitores da dirección editorial.
- 7.2. En concreto, entre os seus obxectivos programáticos, a Corporación RTVG deberá fomentar e potenciar os seguintes valores:
- a) A igualdade, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
 - b) A concienciación social contra a violencia machista.
 - c) O respecto ás persoas maiores e a promoción do seu papel activo na sociedade galega.
 - d) A protección da mocidade e da infancia.
 - e) A integración das minorías.
 - f) O respecto á liberdade ideolóxica, de conciencia, relixiosa e de expresión.
 - g) A promoción da saúde e do consumo responsable.
 - h) A promoción do emprego e do traballo digno.
 - i) O respecto da integridade física das persoas, especialmente no eido da seguraza viaria, e con singular mención no que atinxe á protección dos menores.
 - k) A protección do ambiente.
 - l) A promoción dos valores do deporte e a súa práctica, apoiando especialmente o de base.
 - m) A alfabetización mediática e as oportunidades da sociedade da información.
 - n) O uso responsable e sostible dos recursos.

7.3. A Corporación RTVG ofertará unha ampla difusión das distintas expresións culturais, tanto no ámbito galego como estatal e internacional, prestando especial atención, en todo caso, á realidade actual de Galicia e da súa cidadanía, así como ao legado histórico, cultural, lingüístico e social da nosa Comunidade Autónoma.

Artigo 8. Lingua galega.

8.1. Sen prexuízo da promoción da emisión de contidos audiovisuais en linguas estranxeiras na súa versión orixinal con subtítulos en idioma galego, a lingua da Corporación RTVG é o galego. A prestación do servizo de comunicación audiovisual por parte da devandita sociedade e as comunicacións que efectúe ao persoal dependente dela no exercicio das súas tarefas serán en lingua galega.

8.2. A expresión oral en linguas diferentes ás cooficiais en Galicia deberá contar, sempre que sexa posible, co correspondente apoio de subtítulos en galego para a correcta comprensión da mensaxe polo conxunto da audiencia.

Artigo 9. Procesos electorais.

9.1. A Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e a Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, así como as instrucións e demais resolucións emanadas das respectivas xuntas electorais, serán de aplicación nos procesos electorais á hora de establecer os criterios de representación e proporcionalidade nos espazos gratuítos, na información electoral e nas entrevistas e debates.

9.2. A aplicación e o control das normas electorais corresponderalle á xunta electoral competente.

Artigo 10. Dereito de acceso.

10.1. A Corporación RTVG deberá promover a participación democrática mediante o exercicio do dereito de acceso, entendido como a participación dos grupos políticos e sociais significativos, e en concreto dos partidos políticos con representación parlamentaria na programación daquela.

10.2. O dereito de acceso na Corporación RTVG materializarase a través da participación dos grupos sociais e políticos representativos, como fontes e portadores de información e opinión no conxunto da programación, e do establecemento de espazos específicos nas canles de radio e televisión, e calquera outra canle que xurda das novas tecnoloxías dispoñibles.

Artigo 11. Dereito de rectificación.

- 11.1. A comunicación audiovisual respectará o honor, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe das persoas e garantirá os dereitos de rectificación e réplica.
- 11.2. A Corporación RTVG someterase aos procedementos recollidos na Lei Orgánica 2/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de rectificación, que poderá exercer toda persoa, natural ou xurídica, cando a información difundida polos medios públicos de comunicación galegos se refira a feitos nos que se faga unha alusión expresa de dita persoa, os considere inexactos e cuxa divulgación poida causarlle prexuízos.

Artigo 12. Limitación nos contidos.

- 12.1. A Corporación RTVG non incluírá na súa programación contidos que perturben ou rompan o clima de convivencia social en Galicia, atenten contra o sentimento maioritario da cidadanía e os valores morais e cívicos ou inciten ao suicidio e á violencia en calquera ámbito, especialmente a machista, así como aos comportamentos xenófobos, racistas ou homófobos ou que impliquen calquera tipo de discriminación.
- 12.2. Cumprindo as normativas de autorregulación e correulación, advertirá de forma clara á súa audiencia sobre a presenza de contidos violentos tanto no momento da súa difusión como no da súa promoción.
- 12.3. Así mesmo, terá especial coidado no tratamento de contidos que afecten as vítimas da violencia, de catástrofes naturais ou de acontecementos lutosos, co fin de impedir que a dor das persoas se poida converter en obxecto de padecemento ou espectáculo ou que se poida incrementar o seu sufrimento.

Artigo 13. Adecuación de horarios respecto da potencial audiencia.

- 13.1. A Corporación RTVG, dentro do marco dos seus obxectivos, adecuará os seus contidos e os horarios das súas programacións e promocións ás expectativas da súa audiencia potencial.
- 13.2. A Corporación RTVG adoptará medidas adicionais de advertencia sobre aqueles programas cuxo público obxectivo se considere, en función dos seus contidos, que só debe ser adulto, adaptando a modalidade de advertencia á especificidade de cada medio.

Artigo 14. Programación infantil e xuvenil.

- 14.1. A Corporación RTVG velará polos dereitos dos menores en relación coa programación que se emite en horario infantil, tanto no que atinxe aos contidos coma á comunicación comercial audiovisual, e traballará en colaboración coas institucións educativas para promover a educación e a aprendizaxe da poboación infantil e xuvenil.
- 14.2. A Corporación RTVG estimulará a existencia de contidos especialmente orientados ao público infantil, particularmente nos horarios e épocas de maior audiencia dos menores e nas canles dixitais. Así mesmo, fará un deseño de programas e contidos que fomenten un uso saudable dos medios de comunicación e incentivará a creatividade, a actitude crítica, o traballo en equipo, o estudo e o ocio.

Artigo 15. Protección dos dereitos dos menores.

- 15.1. Os medios públicos de comunicación galegos prestarán especial atención ao tratamento informativo dos asuntos que afecten a infancia e a mocidade. Neste senso, a Corporación RTVG respectará o dereito dos menores a que a súa imaxe e voz só sexan utilizadas, de acordo coa normativa vixente.
- 15.2. En ningún caso se difundirá o nome, a imaxe ou outros datos que permitan a identificación dos menores no contexto de feitos delituosos ou emisións que discutan a súa tutela ou filiación.
- 15.3. A Corporación RTVG non emitirá contidos audiovisuais que poidan prexudicar seriamente o desenvolvemento físico, mental ou moral dos menores, e, en particular, a daqueles programas que inclúan escenas de pornografía, maltrato ou violencia machista.

A información será especialmente respectuosa cando se aluda a vítimas de acoso escolar e de trastornos alimentarios.

Aquel outros contidos televisivos que poidan resultar prexudiciais para o desenvolvemento físico, mental ou moral dos menores só se poderán emitir en aberto entre as 22:00 e as 06:00 horas, precedidos por un aviso acústico e visual, segundo os criterios que fixe a autoridade audiovisual competente. O indicador visual manterase ao longo de todo o programa no que se inclúan ditos contidos. Se este tipo de contidos se emitisen mediante un tipo de acceso condicional, a Corporación RTVG deberá incorporar sistemas de control parental.

15.4. A Corporación RTVG procurará orientar sobre sistemas de control parental para os contidos non aptos para menores nos seus sistemas de difusión sempre que tecnicamente sexa posible. Así mesmo, adoptará cautelas adicionais para evitar a posibilidade de que os menores poidan chegar a imitar diversos actos violentos ou comportamentos delituosos presentes nos distintos contidos da súa oferta.

15.5. A Corporación RTVG axustarase ás faixas horarias de protección reforzada, ás restricións horarias que poidan afectar a determinados contidos e ás clasificacións por idades dos contidos televisivos, de acordo coa normativa vixente que sexa de aplicación.

Artigo 16. Protección dos dereitos das persoas con diversidade funcional.

16.1. A Corporación RTVG respectará os dereitos das persoas con diversidade funcional e, progresivamente, fará accesibles os seus contidos, promovendo a súa plena integración.

Os medios públicos de comunicación galegos ofrecerán nas súas emisións unha imaxe axustada, normalizada, respectuosa e inclusiva das persoas con discapacidade. De igual modo, procurará que a súa aparición na programación sexa proporcional ao peso e á participación destas persoas no conxunto da sociedade.

16.2. As persoas con discapacidade visual ou auditiva teñen o dereito a que a Corporación RTVG preste os servizos de accesibilidade nos termos previstos na Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeral da Comunicación Audiovisual. En todos estes ámbitos procurárase unha actuación o máis acorde posible cos devanditos algarismos e coa posibilidade real funcional da Corporación RTVG.

16.3. Co obxecto de garantir a calidade do servizo e a satisfacción das persoas destinatarias, na aplicación das medidas de accesibilidade a Corporación RTVG debe aterse ás capacidades técnicas vixentes en cada momento en relación coa subtitulación, a emisión en lingua de signos e a audiodescrición.

Artigo 17. Programación informativa.

17.1. A información constituirá o eixo fundamental da oferta da Corporación RTVG e un espazo de debate público que estimule a reflexión, o coñecemento da realidade, a actitude crítica e a participación cidadá.

17.2. Será singularmente rigorosa co tratamento das situacións de conflito e de todo tipo de violencia nos seus informativos, con especial respecto e atención á sensibilidade das vítimas.

Artigo 18. Cobertura institucional.

- 18.1. A Corporación RTVG realizará un seguimento e cobertura informativa das actividades oficiais do Parlamento de Galicia, dos distintos grupos políticos nel representados, da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.
- 18.2. Prestará especial atención aos actos oficiais máis importantes e significativos e aos grandes debates que se realicen en sede parlamentaria, todo isto sen menoscabo do cumprimento estrito dos principios de pluralismo e neutralidade e tendo en conta o interese informativo.
- 18.3. Así mesmo, darase especial atención aos principais actos institucionais anuais dos órganos estatutarios de Galicia.
- 18.4. No tratamento informativo atenderase e respectarase a pluralidade e a diversidade política, tendo en conta a proporcionalidade da representación institucional democrática de Galicia.

Artigo 19. Programación de entretemento.

A Corporación RTVG formulará unha oferta programática destinada ao entretemento de calidade, para todo tipo de público e de acordo cos obxectivos xerais da actividade dos medios públicos de comunicación galegos.

Artigo 20. Acontecementos deportivos.

- 20.1. Na emisión de eventos deportivos, a Corporación RTVG atenderá preferentemente:
 - a) Os acontecementos deportivos de especial significación e interese social en Galicia; en particular, aquelas competicións de deportes profesionais onde participen deportistas ou equipos galegos.
 - b) As competicións individuais de elite, autonómicas, nacionais e internacionais, de contrastada aceptación maioritaria e relevante audiencia, nas que participen deportistas galegos.
 - c) A divulgación adecuada do deporte de base, en colaboración coas respectivas federacións territoriais.
 - d) A divulgación do deporte con participación da muller.

20.2. De conformidade co previsto na Lei 9/2011, do 9 de novembro, a Corporación RTVG poderá adquirir dereitos de emisión de contidos de gran valor no mercado audiovisual, mais non poderá subcotizar os prezos da súa oferta comercial e de servizos nin utilizar a compensación pública para sobrepozar fronte a competidores por dereitos de emisión sobre contidos de gran valor no mercado audiovisual.

Artigo 21. Contribución ao desenvolvemento da sociedade da información.

21.1. A Corporación RTVG, na súa función de servizo público, contribuirá ao desenvolvemento da sociedade da información, participando no progreso tecnolóxico e comprometéndose a medrar con el e a ser referente de modernidade, con especial atención á investigación con implantación en Galicia, e fomentando o uso das diferentes tecnoloxías e vías de difusión. Seguirá desenvolvendo novos servizos conexos e interactivos, a través da súa oferta de servizos de información en liña; fomentará a participación da cidadanía na creación da información e na vida pública; e achegará ditos servizos aos ofrecidos polas administracións públicas.

21.2. A Corporación RTVG achegará nos seus servizos de información en liña contidos de servizo público de audio, vídeo e texto, e excluindo aqueles que sexan contrarios aos valores constitucionais e estatutarios ou vulneren dereitos de terceiros, e fomentando o emprego de tecnoloxías abertas mediante licenzas de uso para o público xeral.

21.3. Así mesmo, distribuirá as súas ofertas nos formatos técnicos necesarios para permitir a súa comercialización e distribución.

21.4. Para reforzar a súa estratexia de marca, esta Corporación disporá de producións de calidade, axeitadas a cada soporte tecnolóxico de uso obxectivamente representativo, de presente e de futuro, que será accesible a todo tipo de audiencias.

Artigo 22. Responsabilidade social corporativa, gobernanza e participación do público e dos grupos de interese.

22.1. A responsabilidade social corporativa constitúe un pilar esencial da función de servizo público da Corporación RTVG, que deberá estar vinculada ao compromiso desta coa sociedade. A este respecto, as actividades e decisións neste ámbito irán encamiñadas a protexer e potenciar as relacións con todos os grupos de interese, así como a garantir a necesaria transparencia na adopción de decisións e no desenvolvemento de funcións da Corporación RTVG.

22.2. Así mesmo, deberá habilitar medios técnicos para acrecentar a interacción coas súas audiencias e con todos os grupos de interese, nomeadamente os recursos humanos, as organizacións sociais e empresariais, as administracións e os anunciantes, adoptando as medidas axeitadas para captar todas as opinións e suxestións da súa audiencia en relación con todos os aspectos da súa actividade.

Artigo 23. Transparencia.

23.1. A Corporación RTVG establecerá medidas para facer efectivo o pleno dereito á transparencia da súa actividade, de acordo coa normativa vixente. Para estes efectos, publicará de maneira periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e o control da súa actuación pública.

23.2. A Corporación RTVG está obrigada a dar a coñecer a programación televisiva cunha antelación suficiente, que, en condicións normais, en ningún caso será inferior a tres días. Esta programación só poderá ser alterada por sucesos alleos á vontade da Corporación RTVG ou por acontecementos sobrevidos de interese informativo ou da programación en directo. Cando se produzan estas modificacións de última hora, realizaranse os correspondentes avisos no servizo de información da programación en Internet ou noutros medios que estean nese momento ao seu dispor.

Disposición derogatoria

Os presentes criterios reitores da dirección editorial deixan sen efecto os principios xerais de programación aprobados polo Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia na sesión plenaria celebrada o 12 de maio de 1986.

Disposición final

Estes criterios reitores da dirección editorial entrarán en vigor ao mes seguinte da súa publicación na páxina web da Corporación RTVG.